

¡TERRA A NOSA!

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

15 cénts.

F- 7407

Biblioteca



EVARISTO MARTELO PAUMÁN

LANDRAS E BAYAS

BODEGAS BILBAINAS

Vinos finos de Rioja, blancos y tintos

Gran Champang "LUMEN"

Cognac "FARO"

Depósito: Plaza de Lugo, 1

LA CORUÑA

SIDRA CHAMPAGNE

Vereterra y Cangas

PÍDASE EN TODAS PARTES

Depósito: Plaza de Lugo, 1

JTERRA A NOSA!

Suplemento de **EL NOROESTE**

ANO I. | A CRUÑA, Agosto de 1919. | VOLUME 15.

Landras e bayas

VERSONS

POR

Evaristo Martelo Paumán



A CRUÑA
Tipografía d'EL NOROESTE
Real, 26

Ao nro, querido e'aspen-
tado Patriarca, venerable Fr.
M. e Almeida, Coimbra, á
sempre primeiro, Presidente
da Real Academia Gallega
Seu supetoso e' querente velho
amigo Le Martelo


Fonse de Almeida 1877

LANDRAS E BAYAS

Da introducción de LÍRICAS GALLECAS

Eu non quixerá; mais, sinto na frente
da idea a pesadume; é ley ceibada,
a lira dóume Dios Omnipotente
e, anque non sey pra qué, forza é pulsala,
cobizo olvido e sombra, non á xente;
nin a gloria maxino por buscala.
Xa sey a triste ley; non da a os poetas
gloria na vida á lira, nin pesetas.

Xa sey q'a o mundo vin na triste hora,
que Galicia, a fidalga, os seus fulgores
na tumba garda, e mal ferida chora,
e non son ¡triste patria! seus doóres
por desdita mayor vidos de fora,
que ó propio seo múchanlle os mayores.
¡Cantos cal Tulia c'o rodante carro
ó cadaver d'un pay fundeu no barro!

Non é tal como a pintan, mal falados,
sin cultura, sin fé, sin ideales,
de tróulas e polions nas saturnales
rebuldando seus fillos mesturados;
non é como alguns contan; malfadados
dos, con perdón, poetas rexionales,
os que d'un pote ou xarro fan tinteiro
e Malvinas das mozas do roeiro.

Ten a d'Ossian sublime poesía
c'as brétemas das suas alboradas;
a grande maxestá d'aquel seu dia
cal os fachos nas ondas enriscadas;
clara historia, e no labio fidalgua,
non na lira as regueifas penduradas
e ontos de gaiteiros e lareiras
propios só de zanfonas para as feiras.

Ten follas d'ouro á presas, dos mosteiros
recendendo nas graves soedades,
nos castelos das cumes dos outeiros
donde os xenios están d'outras edades,
nas tumbas dos seus grandes cabaleiros,
na cencia e nas virtudes dos seus frades,
en canto ven, cal lóstrego do vello
n'esta edá misereira á ser espello.

A Galicia sin fé; lonxe da hermida,
a rosa non é d'onte, que retoña,
das grandes leyes da propiedá despida,
cuspindo de Prondhóns podre pezoña,

non é Galicia, non, santa e querida,
non é seu noble rostro, é carantoña
con que os que din renace, e fanlle ultraxe,
coroán os farrapos da roupaxe.

Coruña 1894. P.

A GALICIA

Doce son dos salgueiros fungando
c' o soán po-l-a beira do río,
maina queixa do vento nas follas,
reiseñor de layoso asubio;
c' as vosas dozuras no peito que ferxe,
caës cal nas flores ó fresco recío.

Follas d'ouro do libro pechado
das altas grandezas d'un pobo dormido,
vivos lostrós, q' as sombras fendedes
das brétomás negras dos antros d'olvido,
¡cal vos sinto do peito no fondo
punxentes renxendo cal rayo acendido!

Pode un home esquencer propias coítas
c' á vida suspensa da túa hermosura;
mais ¡ay! canto hermosa coitada te vendo
c' o surco na frente d'inxusta amargura,
se ó fillo dos celtas do propio se esquece,
morrer cal Viriato por ti lle tortura.

Coruña 1894. P.

CRÍTICA

Calquera vé po-l-a xerga
d'aquel trasniño do «Duende»,
ningunha flor lle arrecende
non nada na «Guttemberg»
ese non Xudga, que vende.

Coruña 1895. Y.

RUADA

Canta ben, bergantiñan,
que ós tempos na nosa terra
para ruadas están.

O tamboril e a muiñeira
ben nos din a sorte nosa;
¡non a vexa quén non queira!

Rapazas hay como estrelas,
Xuentú nos peitos fortes
¡Quen pensa en penas entre elas!

¿ Pesa o fol... ? guindá-l-o fora;
¿ A gaita rise... ? pois... ! rise.
Anque semella que chora!

E se non rí; xa rirá,
que o día ven tras da noite
y o teu día chegará.

Din as historias alléas
que son mais forte-l-os brazos
dos esclavos, que as cadéas.

¿As armas tendes no chan?
Ben; bailade; hay mans de ferro
para collé-l-as mañán.

Torres de Vimianzo, 1.886. P.

A misión dos bardos

Non direi á patria miña,
que as penas doida chora,
tristemente,
como ferida anduriña,
que non sal do niño fora:
«cala e sente»

Non lle direi «outros días
agarda, no teu deserto
lar mellores;
que indas terás alegrias,
e fuxirán, sei de certo,
teus doores».

Non lle direi «mira adiante,
pensa en Dios e ten fianza
no destino».

Direille, que se levante,
que o fin andando se alcanza
do camiño.

Tendo ley, e forte ó peito
Dios de par, e espada preto,
ben probada;
¿ Por qué poñer seu dereito
do tempo incerto suxeto ?
¡ desdichada !

Quen queira vivir honrado
non dasinxustas feridas
se lamente,
será sempre asoballado
quen se doy das recibidas
e as consente.

II

Compuen bágoas é queixume
de neno, ou virxen doída,
ós corazóns.
Co'os tirans o sangue e lume
loitar mentres ferve á vida,
eso ós varóns.

Gallegos d'onte, odiseas
de tempos, que hoxe quixeres,
patria ¿ onde van ?
Teus fillos, non ás framéas,
hoxe á os ollos, cal mulleres,
levan á man.

Erguérvos, homes do liño,
 vergonza que o menos sente,
 que é pouco ter.
 Para defende-l-o niño
 inda ó carrizo é valente,
 sabe morrer.

Ós que na frente levaron
 da libertá santo lume,
 cada home un rey,
 ós que con Roma loitaron,
 que hoxe a preguiza os consume
 lles berrarei.

Pinga de fel carraxosa
 na lousa da escravidute
 guindando estou,
 Se non acudis co'a vosa;
 forte eu da fé na virtude
 pra atrás non vóu.

Torres de Vimianzo 1886. P.

LEMBRANZA

Ouh ti, pazo de Rianxo,
 da balcoada de pedra
 jeanto m'acordo de ti!
 c'os teus matacans antigos
 onde á xeito o musgo medra
 Meu berce gárdalo ahí!

¡Canto, sempre desde neno
de teus fillos, meus mayores
deprendín te respetar!
¡Santas pedras! vello niño
d'aigas é de reiseñores
¿Como eu te pudo olvidar?

Aló en tempos do Rey Santo
vivéu teu señor primeiro
Payo de Soutomayor.
¡Cantas historias pasaron
hasta min, o derradeiro,
desde aquel bon trovador!

Pazo vello, entre loureiros
moitas espadas gardache,
mais liras de bardos, non:
desde aquel fidalgo dono
hasta min, non escoitache
¡en seis siglos outro son!

Aquel cantou nos teus muros,
das guerras dos sarracéos
repousando en soedá
Quen pudera hoxe cantarte,
ceiba de tirans alléos,
de Galicia á libertá.

A espada quedou no muro
o sangue no descendente
ti, pazo tés teu varón.

Mais son sonos ¡somos poucos!
que en Galicia hay moita xente,
¿Gallegos de sangue...? non.

Xa terás as anduriñas.
irán e virán piando
¡fai anos xa, que n'as vin!
¿Cando eu estarei com'elas
c'os que eu quero descansando?
¡Eras a paz para min!

A Coruña 1893. P.

POLITICA

Quen no mundo á de subir
se home ser, cóideo tapar,
cando pensar, no ó decir;
collerse, e deixarse ir,
é ó camiño de medrar
sen as envexas ferir.
Seino ben; mais non lle peta
á fidalgo nin poeta.

Coruña 1886. P.

Himno Militar Gallego

I

Paso tras paso, mesta á fileira
unha tras d'outra ¡que firmes van!
por riba d'eles branca a bandeira,
ventos que azóuta, levan e trân.

II

As limpas lanzas, ora feridas
do sol lostregan, outrora non;
e as hóstes marchan, firmes, garridas,
marcando ó paso con grave son.

III

Fidalgos bardos, cantando avante
ferver ó sangue nos péitos fán.
Erguéuse á onda, rompe xigante
¡á donde os fillos de Brigo irán?

IV

Por ley da raza, da historia a fada
o albor pregóa da redención,
na triste España dexenerada
Pelayo é o símbolo; nosa a misión.

V

Bandeira santa do Sacramento
é á quen divina non porás ley
cando berremos con forte alento
brandendo as fóuces, Deus, pátria é Rey?

VI

Afora os negros do chan sagrado,
afora os corvos, Anglo e Francés,
n'este cristiano reino arrombado,
fé dos valentes, proba quen ês.

A XAN DE OUCES

Teus bravos acentos, Xan,
cal fero rayo desperten
á os que en sono a vida fan.

Dilles quen era Tirteo,
ceiba teus berros valentes
por nosos castros á reo,

E acordándose de min
pensa, que a Misión dos Bardos,
tremando de ira escribin.

Mais pensa, cal-eu tamen,
que é traballo moito e grande
criar sangue en quen n'a ten.

Xente son, que o grillón bica,
con bardos, que o pote cantan
e os vizos de algun marica.

Sociedá dexenerada,
da noble historia esquencida,
dos seus númeres descoídada.

Hay que lle berrar na orella,
erguéndoa con puño forte
«eres león, non ovella».

Sabes ti, que a miña espada
cal ferro ardente ó riñón
Xa me queima pendurada.

Non me deu Dios forte o peito
para morrer sospirando
coma unha virxen no leito.

Morrer quero como os bós,
como lle compre a un fidalgo,
que soña co'os seus abós.

Férveme á idea na frente,
sinto de ferro o meu brazo,
sinto un corazón valente....

Non quero mais, que ocasión,
¿Coidas, que eu d'espalda viro ?
mírame á os ollos; eu, non.

Nin Viriato nin ninguén
puixerón o peito a cousa
que eu no'ó puxera tamén.

Non me fales de Tirteo;
tiña Espartanos que o oían;
eu ben berro, e loito á reo!

III

Mais do bardo ó fero son
hoxe no escoitan os homes,
que lles dorme o corazón.

Guinda cadelas no chan,
verás que á voz do diñeiro
despertando correr hán.

¡Esparta! antigas nacións
donde os homes foron homes
e inda as mulleres leons;

¡Que pouco somella á vos
xente que á vida fay feira
sen honra, pátria nin Dios!

Hoxe en Tirteo, en Ossian,
¿Que viran? doux probes tollos
¡Mortos os bos, ben están!

Para estos homes menguados
solo é ben levar ó xugó
no carro dos deputados;

Lamber d'un cacique a man,
facendo a figa ao castelo
á que deben honra é pan.

Sé po-l-os homes ó mido,
non me queixo das miserias,
teñen ben ó merecido.

De estas ovellas co'ó fato
nin Aníbal fora á Roma,
nin contra Roma Viriato.

Coruña, 1896. P.

* * *

Tomei «Salayos» na man
e ben no péito os sentín;
mais cando lin «Furacán»
entre salayos ben rin,
¡ bon vento o que fura un can;
Dios che mo arrede de min!

Coruña, 1913. P.

¿Que é o medo?

I

Meu bon Varela Fachal
veciño dos pátrios eídos,
fillo da terra dos pinos
e dos bos trigos morenos
da terra de Bergantiños
onde se atopan á éito,
puchas de lan, e polainas
e fortes facos pequenos,
a cada volta un fidalgo,
unha torre por roeiro,
un castro frente outro castro,
móito grao, pousco díñeiro,
que, aunque para nos abondo
tivéramos por dereito,

hay colleita de moédas
fai anos po-l-o Goberno
por paxaros de rapina,
que atopan os niños feitos
baixo das tellas sombrizas
dos malfadados Concellos.

¿ E ti, Varela Fachal,
seique te atentóu ó demo ?
que a pregunta, que me fás,
á fé, deixóume suspenso.
Queres que che diga, eu,
e que cho diga en gallego,
e que cho diga sin risa,
¡ ti toléas ? ¿ Que é ó medo ?

Antes que eu che dé resposta
vaya un conto, compañeiro;
dalle lume á ese cigarro,
e á sorbiños muy pequenos
así como bebe ó galo,
¡ hala ! co ó café, ¡ e fumemos !
que e cousa de moito agrado
sendo unha tarde de Inverno,
c'un amigo coma ti,
que eres dos poucos que eu quero,
café, cigarro, unha copa,
e traguer dous paroleiros
á comparecencia ó mundo
para tomarlle os talentos.

II

Se aló po-l-o nosa terra
cando os mozos no roeiro.
ao son da gaita aturuxan
as fortes mocas batendo

«Viva Xaviña» carape;
«Quen me dé un pau doulle un peso».
te chegas e lles preguntas
mesmo que á min ¿ Que é ó medo ?
Diranche que: po-l-a nóite
aló cando as doce deron
¡ Estadeas ! ¡cousas brancas !
¡ Doridos ays... ! un enterro !
Atópano n'un camiño
e albos tornaron de medo,
tendo unha solta nos zocos
con que fuxir non puideron.
Outra ves, viron un lobo
grande como o boy marelo
á par d'eles, pouco á pouco,
co'os ollos roxos ardendo,
e uns dentes moy regañados,
e unha boca de tal xeito,
que po-l-o fondo, que amostra
pode pillar un carneiro.

Baténdoselle as canelas
a voz co'espanto perderon
mais, nin a estadea os levóu
nin os lobos os comeron,
quo ó luar fai espantonias
para espíritus pequenos,
óyelos e ris; ahi tés;
vayan exemplos do medo
¡ Estadeas, cousas brancas !
doridos ays, un enterro !
¿ Total ? o vento i y o lobo ?
un can un pôuco más fero

Se lles preguntas ás vellas
han che decir: ¡Ay! ó medo!
¡Xesús, señor! sonlle as meigas,
as que se axuntan co'ó demo
e saen po-l-os tellados,
voando coma morcegos;
e agora mirran un mozo
valente que daba xenio
agora n'unha rapaza
van zugando hasta os pelexos,
ou fanlle á un neno mal d'ollo,
ou métense nos eortellos
e vírase muscho o gando
pouquiño a pouco morrendo
sen lle valer medecinás
se non pón dolles no peito
unha figa de acibache,
ou escrito de Evanxelios.

¿E ó trasno? que ven de noite
á remexer nos pucheiros,
á contar nos graos de millo
e dende ó chan hasta ó teito
non deixar cousa con cousa
rompendo e emporcando á xeito
para que a dona da casa
co'o cabuxo e co'ó mal xenio
desespérese é maldiza
indo por caraxe a ó Inferno.

¿Non oyen como se rí
nas noites que corre vento?
«Chas, ca, irras, chás, dando ás cunchas,
ou que chora como un neno,
e en canto ó ventan os gatos
finchanse e fungan cal demos,
co'os pelos como un ourizo,

todos lombo.... ó rabo teso ?
¡Xesús, que non se arripía
con estas cousas e exemplos !

Imos tamen preguntarlle
que e moy lido, moi desperto,
ao respetoso señor
secretario do Concello,
que anda á reo po-l-a vila
e ó que é medio mundo vénno,
—Señor secretario, díganos :
—Qué lle somella, que é ó medo ?
—O medo ? papel sellado
onde se fan testamentos,
fés de bautismo e de morto,
expedentes, xuicios, pleitos,
nai de fame para os mais
nai da fortuna pra os menos,
así como as votacións
según a sorte facemos,
se sal ó Rey, sal á nai,
se sal faco, sal ó demo,
qué tamén hay unha porta
pra o cárcer no Concello,
e combre moito narís
para conocer os ventos....

Moito che decir poidera
mais, ben ti ó sabes, do medo;
e nin eu quero cansarte
nin teño de abondo o tempo,
e sóo por fin do conto
farei punto c'un exemplo.

III

Aló en tempos ben pasados,
aló cando eu era neno,
unha noite, que dormía,
preto meu berce viñeron
a vella dona das chaves
é doux criados labercos
facéndome de estadeas
c'unhas sáboas ben cubertos
e candeas nas cacholas
feitas de cazolos vellos
con doux furados por ollos
altas en paus hastra ó teito
Eu, que vin tantas andrómenas
collín un pau, que vin preto,
fúnme á eles, axeiteilles
catro croques con bó alento,
e, tan calados que viñan
fuxiron con risa e berros.
Chegou meu pai ao barullo,
sabes que era home compreto
con historia ben sonada
de móitos heróicos feitos,
que mais que de referila
é de escoitala ao meu xeito,
é preguntando ¿Qué pasa?
respondéronlle os labercos,
que, por divertirse, viñan
¡babíóns! á poñerme «medo»,
«Medo» oín eu... ¿e que é eso?
«Meu pai», preguntei ¡Que é eso?
Díxome rindo... «xa o viches...»
»homes en cazolos vellos,
»que se ll'axeitas un pau
»foxen de tí dando berros»

é doume un bico decindo:
«Fíxeches ben, meu pequeno».

Despois falando consigo,
como dín, para o chaleco,
co'seu andar repousado
marchou rosmando do medo
o que lle oñ toda á vida
é deprendín por ben certo.
«Se o mal ven, non torna o mal,
»se non ven pode traelo,
»e o vermo dos peitos flacos,
»unha miseria dos nervos,
»a semenza da ignorancia
»na terra pobre d'un hermo».

Xa sabes, meu bon Manuel,
o que adeprendín, que é o medo.

Coruña Diciembre 1895. Y.

INOCENCIA

— Papai? preguntóu Rosiña,
que seis anos fai axiña,
diga ¡ ó señor cura mama ?
— Miña filla ¿ estás toliña ?
¿ Destonces pra que ten ama
como á nosa pequenina ?

Vimianzo, 1895. Y.

A ROSALÍA

Cando recordo teus cantares doces
cal son dos pinos na serea tarde,
aqueles que escoitamos dende ó berce
cal cariñosa voz de fada amante,
aqueles, que Dempóis prenderon lume
nos peitos dos varons, donde hoxe arden
volcans de amor po-l-a esquencida terra
que farán preto ver coma un xigante
erguida en alto dos seus riscos feros,
á esas xentes sin fé, sin cor, sin sangue,
que menten despreciar rexionalismos
porque de medo entúpense cobardes;
¡Miserables sin peito é sin cabeza,
que nin pra ternos da estribeira valen!
¡Cal sinto, Rosalía, que morreses
sen ver o noso día, o que anunciache!
Se á velo eu chego, xuro que te levo
unha rosa, anque vaya tinta en sangue.

Coruña, 1899. P.

* * *

Quen fora home,
quen fora neno,
quen renacera,
¡Ninguén contento!
e á morte doinos
todo-l-os tempos!

Coruña, 1919. Y.

A sombra do Normando

Non lonxe dos meus lares do Pombál
cando as aves do día xa non vés,
e sin soar fundíndoseme os pes,
á pisar sobre o leito de areal,
po-l-a furna me entrei de Picatrés,
que d'esta terra celta foi Fingal.
Sinto unha voz do escuro, sepulcral,
que grave me pregunta «E ti, quen és ?
«Da casa» respondín, non me parando.
«E ti», lle repreiquei «son de Normando
»á triste sombra, que repousa acó».
»en morto fun con Picatrés loitando,
»é xemo á ver piratas d'outro bando,
»que sofrís, e matara voso abó.

Pombal, 1900. Y.

* * *

Con tantos, que morren
parentes e amigos
¡Dios mío, que sóos
quedamos os vivos!
na patria extraneiros
e donde nacimos.

Coruña, 1919. Y.

As Torres de Vimianzo

(Recordos e soedades)

I

Xa fai moitos anos o señor fidalgo
xentil cabalgaba n'un pedrés garrido,
eu, rapáz ainda, á forza de espora
no meu faquinete, ben pequeno e vivo,
de par me sostiña; meu pai seu cabalo
sentado levaba, paso de camiño;
detrás noso paxe, Ramón Crus e Sánchez,
trota no seu faco mercado en Verdillo.

Era a mañá hermosa de apacible outono
voaban chiando bandos de estorniños,
as arans fedellan entre pola é pola
nas suas encaixes de vidrados fíos,
o sol non queimaba, e un maino ventete
traguíamos vida no aroma dos pinos.
Pasamos á esquerda da Pedra da Folga,
chegamos á ponte, da altura do río;
«varisto me dixo meu pai, ten coidado,
»que inda en noso estamos, se escorre no sitio
»ese pequeneiro tan propio do dono,
»a ágoa non conoce, e á baños non vimos».

Recollín as rendas, axustei as pernas,
faleille, ao Paxaseo, que andaba endeciso,
meu pai pasou diante; detrás d'él de cola
po-l-o noso orden, e con ben seguimos
petando nas pedras con bon triquitraque
doce ferraduras a paso batido.

¡Boa ponte aquela, póis non ten ampáros,
e ou ela baixouse, ou subiu ó río,
e ninguén se cóida, que compre remedio,
ou tense por proba para peregrinos
se teren bon anxel, ou ter mala fada,
mais cruceas á rentes d'ali non as vimos!

Do Pombal saíramos cando alboreaba,
tras do río Sarces, o verde Matío,
fumegando quedan, os carros xa cantan;
»os á Vimianzo, cara ás torres imos,
é vamos á vélas, que xa traspuxemos
do val tan formoso os penedos irtos.
¡Dios mío, Galicia! ¡Canto á Dios lle debes!
cc as tuas milleiras, e prados e pinos,
chans, castros, penedos, que agora suspenden
agora aloumiñan, xa feros, xa rindo.

Meu pai tivo a renda, tendeu a man dreita
e amostroume ao lonxe po-l-o sol ferido,
na cume d'un castro un bulto revolto
de alméas, e teitos de verde vestidos,
que a min semelloume pinal, ou toxreira,
«Ahí téis nosas torres, salúdaas, meu fillo.
»Ahí nosos Laras, Castros e Moscosos,
»nosos aboríxens de sangue queridos,
»antigos señores de canto estás vendo,
»e moitas mais terras dos seus señoríos,

»ali foi seu niño, seu lar, seu refuxio;
»co-o sangue que dimos, moeran muíños
»desque Santiago, que invoca un Moscoso,
»cerrou por España co á crus en Clavixo.

Dos primeiros condes, tí y eu somos netos,
nos tallos dos condes Pombal colle trigo.
Duas polas nacen, a mais forte encora,
a mais delgadiña, vive e colle vicio;
igual é nas castas ¿ Por que ? Dio-l-o sabe
os condes baixaron, nosoutros subimos,
eles, xa en Castela, nosoutros Gallegos,
vivindo no amparo dos eidos nativos,
cando eles, xa alleos, da terra esquencida,
vendían por cartos, cal Xudas á Cristo,
ese sanguenosa, moimento de pedra
dos tempos primeiros das artes nacido;
berrei eu «da casta non sal torre é cóuto»
«á casta y os cartos, aquí están, méus tíos».

Agora á coidalo, cal niñas dos ollos
hasta ao fin do mundo, sé Dios por servido,
que tanto de amparo deu á casta nosa
de vellas centurias hasta tí Varisto,
que-eu por profecías á que debo creto
non tanto pra adiante como atrás maxino.
A pouco pasamos a ponte do Toxo,
ó pai cal notar, deulle terra ao fillo
«Señor, respondinlle c'ela contra o peito,
»canto de ti veña, aquí ten o niño».

¡ Pobre pai querido ! púcos anos logo
chorábate, e chora, fillo, irmán e amigo !
¡ Muy bo e grande fuches ! hoxe mais no Ceo.

Eu... aquí arrastrando cepos, que Dios quixo,
¡cando tí vivías, meu mundo eran rosas,
desque me deixache ¡nín sei como vivo!

II

Na volta das torres mirando ao Nordeste
na sombra que os muros lle fan todo o ano,
sempre verde e cheo de miudiñas frores
blancas e marelás, atópase un campo.
A dereita e ezquerda saíndo duas torres,
cruces é andaviras de ferro no alto,
que se deras volta viras outras duas,
porque aquel castelo non baixa de catro;
á espalda un gran muro con fortes alméas,
ao frentre a robreda de antigos carballos,
e por riba ao lonxe vénzose do monte
o lombo pedroso que cerra este lado
de tal xeito eurrante n'aquel bon retiro
que estás n'outro mundo con pouco traballo.

Alí sol, nin ventos, nin siquerá á chuvia
se non cai á plomo cal orballo maino,
nin xentes que pasen, e vayan e veñan,
nin ollos curiosos, que estén asexando,
dan guerra ningunha de Vran, nin de Inverno,
n'aquel recunchiño de todo abrigado.

Abaixo no fondo, con doces parolas,
cal quén rosma ou reza, o río soando;
facéndolle ás veces roncon o arboredo
e música n'outras cen tolos paxáros,
somellan voz meiga d'aquela soedade,

que dín os veciños, que ten un encanto.
¡Non minten á fellas, ¡non un, senón cento!
en que os víñ respondo; ¡día e noite hainos!

Respáldase ao muro bon banco de pedra
c'unha mesa diante donde po-l-os brazos
ofréceche amiga, cinguida de buxos,
figueiras e bimbios, se o queres descanso.
Pian anduriñas, que van e que veñen
á os niños herdados, do aleiro no amparo
e alí estamos todos, veciños queridos,
cal tamén os foron os abós fidalgos.
Xa pasaron tempos dos primeiros días
e fillos tras fillos, cantos indo vamos!
da casta d'aquelas boas anduriñas,
e da casta nosa tendo tantos anos
que inda son mais vellas que estas vellas torres
feitas por xentiles, e mouros e trasnos,
que á mais do que vedes enriba da terra,
¿quen sabe ó que gardan aló por debaixo?
¡Quen o vira todo! ¡canto deprendera
de cousas, e xentes e tempos pasados!

Non houbo en Galicia mais vello castelo;
todos son ruínas, niños de lagartos,
con eles e os donos locen carantoñas
próprias d'este antroido, tan alleo e largo.
¡Por que ti resistes, e firme cal foche,
nin cedes, nin cambias do frente dos fados,
ni o sangue perdiche dos teus fundadores,
e temos do ceo firmísimo amparo?
¿Saber? Dio-l-o-sabe; tal vez mereceuno
unha historia limpia que ainda vai pasando,
e o sangue, que en xunto, dos cinco señores
tan bos e tan ledos, que por min brindaron.

Nas tardes seréas, nas noites templadas
de claros luares; canta ves andando
d'arredor das torres, unha volta e outra,
que con vintecinco, mais da legoa fago,
sinto de min preto, de par, que os non vexo,
tocalos non poido, fúxenme dos brazos,
mais como un airiño, que abanea as follas,
bicanme na frente, sospíramme ao lado
queridos espíritus d'aqueles, que foron
e o ~~acto~~ n'esquenceu, que o lume sagrado
non só no lar gardan, que deixaron eles,
senón, que no peito, canto eles amaron.

Cal alma das torres, tan firme como elas,
eles en min viven, eu nos meus pasados,
e, se Díos axuda, martelos e lobos,
que están baixo as cruces enriba dos arcos,
nin baixan adarves, nin pendóns arrian,
e con fé cristiana, con peito fidalgo,
ven as torboadas do ceo e dos pobos,
que venen e pasan, cal nubes de largo.

Coruña, Abril 1917. Y

CÁNTIGAS

Gotiña á gotiña, seca
calquer perfía, que verte,
cada latido que damos,
váise a vida e non se sente.

N'este mundo terrenal
non digas «facer o niño»
é preparal-ó camiño
para pousar no final.

Se o morto era bon aquí
e en vida dícheslle guerra
ou non ó alabes, gran perra,
ou confesa o que ser tí.

¡Quen me dera, quen me dera!
non cañsamos de pedir!
¿Non te deu Dios corpo e alma
preguiceiro lampantín?

Na terra de Bergantiños
non campan homes de verba;
por un varón dase un mundo,
nin doux cartos por un Mella.

Coruña, 1919. Y.

ALENTOS

A Fuco de Tabeayo


Prepararse para ó viaxe
c'unha vida virtuosa
está ben; temer á morte
somella de tolos cóusa.

os valentes e os cobardes
con facilidá pasmosa,
que non hay cousa máis fácil
morren en donde lles colla.

Non vos espantéis; eu río;
¡Que Dios me ampare, e dispoña!
Para non ter nunca medo
sei unha meiciña boa;
a fé cristiana; sirvéume;
no amparo d'ela está á forza;
e a miña, xa longa vida,
temme dadas moitas probas,
que por non falar de min,
nor conto, nin vos importan
é, se pecás de curiosos
aproveitádeo na roupa.
Non digo mais; poño punto;
Dádeme gracias; e abonda.

Coruña, 1919. Y.

No próximo volume pubricarase
CELTISMO E PANCELTISMO
POR
XESÚS CULEBRAS

Casa fundada en 1850

ALMACENES DE LOZA
PORCELANA, VIDRIO y CRISTAL

APARATOS PARA LUZ ELÉCTRICA

IGNACIO ROMAY

Sucesor de Cabanas

Novedades para Regalos

FÁBRICA DE BANDEJAS DE MADERA
Y ARTÍCULOS TORNEADOS

SAN ANDRÉS, 73 :-: La Coruña



MÁQUINAS
PARA ESCRIBIR

Reparación y Reconstrucción
de todos los sistemas

Accesorios y piezas de recambio
Copias-Lecciones-Abonos

Riego de Agua, 44
La Coruña